


N.º 136

Tomo 12

# nós





BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 →

Número solto 0'70 →

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pola Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

rio, por AUGUSTO M.<sup>a</sup> CASAS.

AS ARMAS DOS LOUSADAS, por ARMANDO MATTOS.

EN COL DA POESÍA BÁRDICA, pol-o Prof. S. VENDRYES.

A BARCA, por XOSÉ M.<sup>a</sup> CASTAÑO PRIEGUE.

MISCELÁNEA, por A. DAS CASAS.

ARQUIVO FILOLÓXICO I ETNOGRÁFICO DE GALIZA.

MITTEUROPA, por VICENTE RISCO.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XVII ★ Ourense 15 de Abril de 1935 ★ Núm. 136

## R I O

Por AUGUSTO MARÍA CASAS

Rio, de tanta voz, río valeiro,  
dispido, mudo, de perfil de lume;  
azas do vento, ti, sin ser arume;  
do teu sabor mazá, verde lameiro.

Corda a vibrar co corazón enteiro,  
rio de craridade, índice, cume,  
deitado en aristorio, nervo e gume,  
metamorfosis pol-o val lixeiro,

Froitos de fartas agras te conquieren,  
qu'en esquezos d'escuma multipricas.  
Faste arista de lús para ir ao ceo.

Verdes lameiros a tua carne firen.  
Río valeiro, que inmorrente ficas  
deixando de canciós o campo cheo!

1935.



## AS ARMAS DOS LOUSADAS

Por AMANDO DE MATTOS.

*Aos bons amigos César Vaamonde Lores e Firmín Bousa-Brey.*

Notando a divergência dos vários heraldistas portugueses ao apresentarem a ordenação das armas do apelido *Lousada*, de origem galega, levou-me a investigar sobre a falta de unidade nas suas descrições.

Tendo encontrado alguns elementos que, devidamente estudados, suponho aproveitáveis para basear e justificar qual seja o verdadeiro e científico critério heráldico para a composição destas armas, venho torná-los públicos, visto serem subsídios, embora modestos, para a historia heráldica portuguesa e peninsular.

\* \* \*

As armas do apelido *Lousada*, são compostas de *Lagartos* saíndo das respectivas lousas.

O número, posição e forma destas figuras heráldicas, é que originaram o desacordo na representação heráldica de uma das mais antigas famílias galegas, vinda para Portugal.

No que respeita ao número de lagartos, nos armoriais portugueses há a notar dois grupos: um com um núcleo de *dois*, outro com *três* dêstes répteis.

Na Galiza, encontram-se, além dêstes dois núcleos, um de *quatro* e outro de *seis*.

Estes, porém, são de origem conhecida, pois que não passam dos dois primeiros, que numa evolução de mau desenho dos atributos heráldicos, duplicam as peças.

A esta razão há a juntar a de que, na Galiza, é corrente o porem sobre uma única lousa, em *jaxa*, os lagartos em *pala*, o da direita com a cabeça em *chefe*, o da esquerda em *ponta* (Fig. I).

Nas pedras-de-armas galegas, o mais vulgar, é o emprego de dois lagartos (1).

O licenciado Molina, ao referir se ao número de répteis, diz apenas «*unos lagartos*» (2), e em plural se expressa também o mais antigo documento galego referente ao assunto de que temos notícia quando fala, referindo-se ao ano 1369, do «*escudo dos lagartos*» que existia no paço de Outeiro, na paroquia de Lantán (3).

Ora, em heráldica, empregando se a forma indefinida, tem de se compreender o número *cinco*, ou *três*. Uma simples análise ao armorial, nos convence disto.

Em Portugal, o mais valioso documento que se encontra, é a carta-de armas de Pedro de Moraes Pimentel, de 1682, em que lhe são confirmadas as armas de seus avós —um esquartelado de *Pimentel*, *Moraes*, *Lousada* e *Pegas* (4).



Nesta carta, o quartel das armas em questão, tem apenas dois lagartos.

Baseados neste documento, indiscutivelmente oficial (o que não quer dizer sempre rigor heráldico) optam por este número. Sánchez de Baena (5), Braamcamp Freire (6)—abandonando-se com o «*Thesouro da Nobreza de Portugal*» (7) e com o «*Thesouro da Nobreza*» (8)—e Santos Ferreira (9).

Os manuscritos nobiliárquicos nos. 433 (10) e 211 (11), da Biblioteca Pública Municipal do Porto, mostram-nos um núcleo de três peças, bem como os «*Blasones de Portugal*» (12).

Diz a tradição, através os vários autores que a tal se têm referido, que a família *Lousada*, galega, teve sua origem em *dois* irmãos que libertaram a região de *Queiroga*, de uma invasão de lagartos, que muito prejudicavam a agricultura e os habitantes do lugar.

Não quero apontar o facto, como argumento definitivo, mas apenas como de curiosa coincidência. Muitas famílias nobres apresentam em suas armas, tantas peças heráldicas principais, quantos os irmãos que lhes deram origem (13).



No caso do aparecimento de *três* lagartos, a ter algum viso de verdade a referencia feita, teria por causa o facto desta família vir para Portugal, em tempo de D. Afonso V, na pessoa de *três* irmãos: João, Henrique e Gonçalo de Lousada.

Porém, vê-se que entre nós prevaleceu o numero *dois*, mesmo na carta de 1682.

Assim, e em resumo: na Galiza, o mais usado é o núcleo de dois lagartos; em Portugal também, e mesmo no campo absolutamente oficial.

Concluo, pois, esta primeira parte, por optar pelo grupo de *dois lagartos*.

\*\*\*

Assente o numero de répteis, vamos ver a posição destas figuras heráldicas.

Diz Santos Ferreiro (14), que o lagarto se representa sempre de *perfil e passante*.

Não sei onde este heraldista se documentou para escrever isto. É possível que se baseasse só nos documentos nacionais, que poucos são e que, certamente, derivam todos de uma fonte anterior, que não representasse icónicamente as armas, mas simplesmente as brasonasse.

O citado heraldista, por certo, deixou de ver elementos do país de origem do apelido em estudo.

É possível, ainda, que fôsse encostado às armas do apelido *Lagarto*, que ele viu no *Livro da Torre do Tombo*, e onde as três figuras estam *passantes* e de *perfil*.

Não quero, porém, discutir, se são ou não as armas dos *Lousadas*.

Sobre as do apelido *Lagarto*, só direi que não acho do melhor arrumo heráldico as figuras assim ordenadas.

Em compensação, na Galiza, origem dos *Lousadas*, não encontrei um único documento em que o lagarto seja representado de *perfil*, mas sim espalmado.

Basta a dificuldade que há em representar, numa boa estilização, o lagarto de *perfil*, para nos convencermos de que é muito mais natural e heráldica a posição que eu defendo.

Mais natural, porque é a forma mais expressiva de desenhar o réptil saindo de sobre a lousa; mais heráldico, porque um lagarto não pode representar-se *passante* (15) que é a forma de mostrar o animal em atitude de andar. E o lagarto não *anda, rasgueja*. Também a *cobra*, outro réptil heráldico, se desloca *ondulando*, pelo que se brasona *ondulante* e em *pala* (16).

Lógico, pois, que ele seja representado em *pala e rastejante*.

Neste ponto também a minha fraca opinião, diverge dos ilustres heraldistas citados.

\*\*\*

Outro problema é o número e formato das lousas.

Seguindo o mesmo processo comparativo, usado com o comentário aos lagartos, direi

que nos materiais de estudo, que me foram amavelmente facultados da Galiza, só se encontra *uma lousa*, geralmente *retangular* e raras vezes *quadrada* (Fig. II).

Em Portugal encontram-se *duas ou três*, conforme o número de répteis, mas sempre representando blocos informes (Fig. III), algumas vezes *moveantes* (17) do bordo esquerdo do escudo (Fig. IV). Raras vezes aparece só uma. Apenas conheço um exemplar, de Trás-os-Montes, que representa uma lousa quadrada abrigando quatro lagartos que aparecem pelos seus ângulos.

Não admite discussão a superioridade da lousa retangular e solta, por melhor estilizada. Um bloco informe é demasiado realista, além de pouco próprio.

Não é sob blocos, mas sim sob lages que se acoitam aqueles répteis.

Quanto ao número, o citado *Molina*, valioso heráldico de quinhentos, diz também «*unas lousas*»; portanto, mais que uma.

E mais que uma, vem na carta-de-armas referida de 1682.

Entendo, portanto, que o mais heráldico é uma lousa para cada lagarto, conjunto este que já deu na vista a Severim de Faria, quando diz (18) «*As lousas dos lagartos*», ao referir-se às armas dos *Lousadas*.

\* \* \*

Assim, optando por dois lagartos e por lousas retangulares, resta ver, como se devem enunciar as armas desse apelido em estudo.

Aceites as cores geralmente correntes em Portugal e já confirmadas na carta-de-armas de 1682, que, diferindo daquelas que são atribuídas a estas armas na Galiza — *em campo de ouro, duas lagartos verdes sobre uma lousa de prata*, não deve ser mais que diferenciação tomada pelos ramos que vieram para Portugal (19), resta um último problema a estudar: qual é a peça principal destas armas?

Na Galiza, pelas cores apontadas, parece considerarem o lagarto.

Eu discordo, optando pela lousa que é a parte *salante* das armas e origem do apelido. Por isso devem as lousas brasonar-se em primeiro lugar, antepondo-as aos lagartos que lhe são peças secundárias.

Salvo melhor opinião e novos documentos, as armas dos *Lousadas* devem brasonar-se assim (Fig. V): *em campo de prata, duas lousas de púrpura, retangulares, postas em faixa e brocantes, cada uma, sobre um lagarto restejante, de verde, posto em pála e linguado de vermelho*.

Na Galiza não encontro notícia de timbre destas armas.

Em Portugal, de todos os autores e fontes citadas, só o rei-de-armas Francisco Coelho no-lo apresenta: *um braço armado de prata, com mão de carnação, empunhando um dos lagartos*.

#### N O T A S

(1) Veja-se, por exemplo, em «*Fitas Galegas*», pelo Marquês de Quintanar e «*Arquivos do Seminário de Estudos Galegos*» — vol. IV: «*Blasones de Orense*», por Xurxo Lourenzo Fernández nos. 8 e 42; id. vol. III, fig. 3 de «*Santa María a Real de Cesuras*» por Xosé Ramón e Fernández Orea.

(2) «*Descripción del Reino de Galicia*», Mondoñedo—1550.

(3) Usava o escudo García Estevez de Lousada domo do dito poço que hoje bessiste ainda que restaurado. (Vide «*O testamento de Fermín García Barba de Fragueroa*» na Col. Diplomática da rev. «*Galicia Histórica*», n.º 1, Santiago, 1901, pág. 27).

(4) «*Archivo Heráldico-Genealógico*» por Sánchez de Baena, Lx<sup>a</sup> 1872, N.º LXXII (Biblioteca Eboense).

(5) «*Índice Heráldico*», in op. cit. nota anterior. L.º 1872.

(6) «*Armazém Português*», Lisbon 1906, Pág. 676.

(7) Por Fr. Manuel de Santo António, I-30.

(8) Por Francisco Coelho, 1670; fls. 46.

(9) «*Armazém Português*», Lx<sup>a</sup>, 1930-3.

(10) Veja-se o «*Catálogo da Biblioteca Pública Municipal*,

do Porto, 3.º fascículo, «*Nobilírios*» (2.ª edição). Porto, 1900; pp. 11.

(11) Id. fls. 126, e s. «*Nobilírio da Casa do Casal do Poço*» (Arcos de Valdevez), por Fr. João da Madre de Deus.

(12) Peço Pdr. Manoel de Magalhães, 1676 - fls. 176.

(13) Publicarei um dia os elementos que tenho sobre este assunto.

(14) Op. cit. vol. II - part. III - s-v: *Lagarto*.

(15) Op. cit. Id. s-v: *Passante*.

(16) Id. id. s-v: *Serpente*.

(17) V. O Ms. n.º 211 (fls. 196, da Bca. Pca. Mal. do Porto e as obras citadas de Francisco Coelho e a Carta-de-armas de 1682.

(18) No. cit. Ms. 211, da Bca. Pca. Mal. do Porto, pág. 11; vê-se as cores conforme são usadas na Galiza. É interessante ver nesta iluminura, a precisa locação das peças. Como são três os lagartos, ficaram na situação normal 2 e 1.

(19) «*Notícias de Portugal*», Lx<sup>a</sup> 1740 - fig. 100, e o Ms. 433 citado. Fr. Manuel de Santo António também trás uma lousa moveante do bordo esquerdo do escudo.



# EN COL DA POESIA BÁRDICA

## A POESÍA DE CORTE NA IRLANDA E MAIS EN GALES

Pol-o Prof. J. VENDRYES,  
da Academia d'Inscripcions e Belas-Letras.

### *Unidade da Céltiga precrhistiana*

Na sua *Historia da Galia*, M. Camille Jullian ajuntou todolos testemomios que nos deixaron os Antigos en col da actividade intelectual dos Galos. Sabemos qu'era moi viva e que produciu unha abondosa literatura poética.

Por disgracia, d'esta literatura non quedou nada, nem tan xiquera a espranza d'atopalo mais pequeno rastro. Porque os Celtas da Galia non escribian; as suas producções poéticas perdéreronse pol-o tanto pra sempre.

Mais os Celtas da Gran Bretaña e mais d'Irlanda oferen na sua literatura algo con que compensal-a perda. Non compre demostral-a unidade primitiva do mundo céltigo. As reacions étnicas e linguísticas entre Galos, Bretós e Gaels están hoxe exactamente definidas. Ora, perante toda a Edade Meia a poesía foi cultivada antr'os Celtas insulares, e en condicíos tan semellantes ás qu'os autores antigos siñalan antr'os Galos, que podemos consideralos poetas d'Irlanda e de Gales coma continuadores d'unha tradición que recúa deica o tempo da unidade céltiga.

A tradición que jungue o céltigo insular co céltigo da Galia, é moito menos un feito de lingua do qu'un feito de civilización. Mantivose porque representaba unha institución social.

Esta institución é a dos poetas de corte.

### *Os poetas oficiais ou poetas de corte*

Tense convido en desinhar co-iste nome unha caste de poetas, oficialmente ligados á persoa d'un chefe e exercendo onda il unha función pagada. Houbo poetas de corte nos pobos germánicos, especialmente nos Escandinavos, que probabreamente tiraban o modelo da Irlanda. De todolos geitos, foi nos países célticos ond'a institución produceu as obras mais antigas e mais perfeitas. Dependia alí da organización social.

Contrariamente ao «clerc», confinado no retiro do mosteiro, onde gozaba relativa segurança, o poeta andaba misturado na vida pública e guerreira; levaba a vida desacogida dos leigos. Era un dos oficiais, un dos dinatairos do castelo onde vivía o chefe; compartía as suas cobizas e xenreiras, os seus antusiasmos e desesperos.

A poesía de corte durou o que durou aquil mundo aristocrático, estremecido de paixóns ardentes. Sobreviveu na Irlanda ás invasións escandinavas, e resisteu ás conquistas anglo-saxónicas ata o istante en qu'a aristocracia irlandesa arruinada, desmada, exilada, foi reducida á impotenza; isto non se produciu deica o comenzo do século XVII. En Gales tivo unha existencia moito mais breve. Pódese pór a sua ruíña nos derradeiros anos do século XII, cando a políteca de Duar-dos I puxo fin á independenza galesa. Nos dous países, a institución dos poetas de corte

desenrolouse en condicíos semellantes: tradição no exercicio da función, tradição no recrutamento e no aprendizage, tradição na técnica mesma do mester, veleiqui ond'estaba a forza da istitución.

A función leva un nome, o de «bardo», que sirve ainda en galés moderno pra desíñar un poeta. É un nome moi antigo, común a todos os Celtas, pois asegún o testemoio de Suidas, os Gálatas empregában tamén. Era usual na Galia, coma o proba o soado apóstrofe de Lucano:

Plurima securi fudistis carmina, bardi.

Na Irlanda é tamén ben coñecido. Com'a función de poeta herdábase amiudo, un nome de persoa moi esteso é o ne *Nac an Bhards*, «fillo de poeta», que pasou ao inglés ordinariamente baixo da forma de *Ward* ou *Nacward*. Mais a verba «bardo» n-irlandés caiu na usanza banal. Com'a termo oficial e técnico, foi trocada por outra verba, *fili* (pl. *filiid*), que en gaélico quería dicir «vedoiros» (britónico *Gweled*) ou sexa que desíñaba o home inspirado, favorecido por unha visión mais lúcida. Oposto a *fili*, a verba *bard* chegou ás veces a desíñar un poeta inferior. Non se trata d'un troque de termo, senón millor do emprego especializado de dous termos antigos que primeiro apricábanse a unha mesma persoaxe. Na sociedade céltiga primitiva, o poeta jogaba un rol complexo que mais tarde, escindiuense en varias funcíos diferentes.

#### *A hierarquía dos poetas*

Os poetas formaban clases, ordeadas hierárquicamente, onde se pasaba por unha riola de grados, semellantes aos nosos grados universitarios. Na Irlanda, o *fili* do mais outo rango levaba o nome de «ollave» (*ollam*) verba qu'os dicionarios modernos, pra marcar ben a semellanza, traducen por «professor». Por debaixo do ollave viñan outros seis grados. En Gales tamén, a clás dos bardos comprendia unha hierarquía, a cabeza da qual achabánse dous dinatarios, o «bardo doméstico» (*burdd teulu*) e o «chefe do canto» (*penkerdd*), correspondente pouco mais menos ao qu'eran na orde eclesiástica o abade, chefe d'unha comunidade, e o bispo, chefe d'unha diócese. Nos dous países, os grados

mais outos tiñan autoridade sobr'os grados inferiores.

En Gales, o *penkerdd* tiña o privilegio d'estar coberto, e ainda ás veces de se sentar na sua cadeira dediante do rei; sentábase á mesa á esquerda do herdeiro do trono. A sua obriga era cantar na gran súa, cando llo pedira o rei. O *burdd teulu* facía o mesmo, ainda na cámara da raíña, cand'ela o pedira, mais entón somentes en voz baixa. Acompañaba ao exército na guerra, cantaba dediante das tropas cando marchaban ao combate, e nas voltas vitoriosas. O rei regaláballe unha harpa, un jogo de axedrés e un anel d'ouro que non se podía sacar. A mais das suas funcíos de poeta músico, o bardo tiña man dos arquivos da familia, e dos documentos genealógicos; servía tamén de preceptor e de compañeiro aos rapaces da casa do rei.

#### *O bardo galés era un funcionario*

En suma, a ideia que nos dan do bardo as leis galesas é a d'un alto oficial, d'un funcionario superior, cujo avance e fortuna pendan no geito con que encha as suas obrigas, e que goza d'unha consideración justificada polo seu talento. Mais na legislación, e mais que nada na tradición literaria da Irlanda, o *fili* é outra cousa: é unha sorte de mago, cujo prestigio débese a un poder sobrenatural.

Sen dúbida, il exerce perto do chefe unha función semellante á do bardo galés; canta no comedor, ou na cámara das donas; vai ao combate co-a tropa, anima os seus cantos, e celebra a gloria dos mortos; mesmamente, saca a espada com'un home d'armas e toma parte na loita, con perigo da vida. Mais o *fili* é a un tempo un profeta cujos poemas revelan o porvir; é tamén un médico e mais un juez, ou sexa, qu'é capas d'atopar as fórmulas que sanan os doentes ou castigan os criminosos. Pra decílo todo: é un que coñece a virtude das verbas.

A verba non é somentes un instrumento de poesía qu'il toca asegún seu talento — e os poetas célticos non ceden a ningún na abeñencia pra iste jogo. A verba ten tamén unha forza oculta qu'un pode endereitar coma lle peta, cando se fixo dono d'ela. Coñecer as

verbas é domínial-as potenzas pechadas n-elas. Investido da cencia das verbas, o poeta ten todol-os poderes d'un bruxo. As suas encantacíos poden desconjural-os meigallos, prever ou sanal-as doenzas, retiral-as calamidades qu'ameazan. Mais tamén poden atraguel-a disgracia, ceibar andacios, provocar ruiñas e catástrofes.

#### *Como se recrutaban os poetas*

A profesión de poeta, pol-as ventaxes que precuraba, buscábana todol-os que se crían capaces d'ela. Había, polo tanto, moita competenza. Mais estaba restringida por ensamens dificeis, onde tiñan sua praza as prácticas tradicionáis de magia. Mesmamente en Gales, ond'a función estaba, coma se dixéramos, laicizada, non se chegaba a bardo sen ter saído ben de certas provas divinadoiras, cuia tradición recuaba deica antepasados legendares, coma Taliesin. A profesión ganaba prestigio ao estar arrodeada de ritos d'iniciación misteriosos.

A recruta fagüíase entre os homes libres; en Gales, un bardo rebaixaba a dinidade da sua arte cantando diante dos non libres. Certos membros de familias reás ambicionaron o rango de poetas. Dalgúis conserváronse os nomes e ainda as obras. Os de Hywel ab Owen, principe de Gwynedd, no século XII, revelan un dos temperamentos millor dotados e mais persoás da literatura galesa. Mais en geral, a profesión poética tendía a ser herdamento de certas familias. Na vida dos bardos galeses hai un Gwalchmai, fillo de Meilyr; e iste Gwalchmai, á sua volta, tivo un fillo chamado Meilyr, coma seu abó, os tres deixaron poesías. Mais qu'en ningures, era na Irlanda ond'había dinastías de médecos. Sábese dos nomes de varios que ficaron adscritos profesionalmente a certas familias principescas por dous ou tres séculos. A mais antiga e soada é se cadra a dos O'Daly, cuio fundador pretendían que recibira a educación poética de San Colman, morto en 604. Mais houbo outros: os O'Higgin, os O'Mulcorny, os Mac Namee, etc. nas que a profesión de poeta pasaba de pais a fillos.

O ambiente familiar, sen falar do atavismo,

favorecia seguramente o aprendizaxe d'unha profesión tan especial e difizile.

#### *As escolas de poesía na Irlanda*

Os estudos duraban varios anos, perante os quais o aprendiz de poeta era iniciado na coñecencia das tradicións históricas, genealóxicas e topográficas do país, de camiño que na práctica dos metros (cujo número pasaba dos cen) e de todol-os artifizios poéticos.

Veleiquí coma traballaban nas suas escolas os poetas irlandeses do século XV. A sesión duraba de Samhuin a Beltene, ou sexta do 1.<sup>o</sup> de Santos ao 1.<sup>o</sup> de Maio; remataba cand'o cuco encomenzaba a cantar. O mestre levaba aos seus discípulos a edificios baixos, con paredes caleadas, lugares de recollemento e silenzio. Dend'a mañá, repartía as tarefas. Os discípulos estaban fechados n-espazos sen fiestras, onde pasaban o día deitados, meditando no tema dado e pónadoo no metro que ll'encarregaran. Chegada a noite; juntábanse n unha gran súa e recitaban as suas composicións dedicante do mestre, o qual faguía a crítica.

#### *Conversión ao Cristianismo*

San Columbán, apóstolo dos Pictos, era ao mesmo tempo un poeta. Fixose d'il un defensor dos poetas pra conciliar n il dous poderes longo tempo riváis: o pagao e o cristiao. A caste dos *Fili*, apoyada na tradición, era conservadora, e a Igrexa mirouna moito tempo con desconfianza. San Patricio tería determinado aos poetas a deixaren as suas prácticas mágicas, despois de ter obtido a homenaxe dos mais ilustres.

#### *Dificuldades da versificación*

Os traballos de M. Joseph Loth encol do galés, de M. M. Thurneysen e Bergin en col do irlandés, son coñecidos de todol-os celtistas. Refireñense á versificación e mais á lingua Kuno Meyer estableceu que a mais antiga poesía irlandesa era acentual e aliterada. Despois desenrolouse unha versificación, imitada sen dúbida ningunha da versificación latina da Edade Media, e que tiña por principio o número de silabas. Iste xeito de

poesía foi o que prevaleceu na Irlanda pe-rante toda a Edade Meia, e tamén en Gales. Mail os poetas adaptáronlle ornamentos tra-dicionais; arranjáronse pra introducir a rima, a aliteración, a asonancia, n unha verba, todo un sistema de concordancias dos sons, asegún regras d'unha sutiliza requintada. Co tempo, as regras fixéronse mais e mais estreitas, pois cada geración de poetas quixo superar á anterior en virtuosidade. Esta re-busca de dificuldades pra vencer na costrucción fónica do verso levou aos poetas me-diocres ao abuso dos clichés e de ripios. Os mais abelenciosos non se souperon gardar sempre da rareza ou da escuridáde. Mail-o ritmo e a harmonía chegaron antriles a unha perfeición técnica que sen dúbida non foi superada nem ainda igualada en ningunha lingua.

#### *Escuridáde intencional da poesía céltiga*

Un dos procedementos dos antigos poetas consistía en estudal o pasado da lingua céltiga pra coller d'il verbas vellas fora d'usanza que facían revivir. O arcaísmo intencional se non limita á escolleita de verbas. Maniféstase tamén na costrucción da frase. Non habendo verbas arcaicas, pódense reemplazar por unha metáfora ou unha perifrásis. Pódese dicir qu'isto fai o fondo da poesía céltiga.

Hai poetas escuros. Mais en feito d'escuridáde, a poesía céltiga podería levar a palma. É escura porque tradicionalmente, os poetas quixérona manter asina. Disimula tanto coma sugire, e ás veces mais. Semella unha sorte de jogo no qu'o poeta no se descubre mais qu'o tempo preciso pra fugir cand'un coida qu'o pillou. É o jogo de Galatea co pas-tor que vai atrás d'ela. Niste jogo, os poetas célticos eran mestres. A sua virtuosidade está chea de malicias e trampas.

Semellante poesía é intraducible, por-qu'os elementos dos que tira a sua beleza se non poden trocar n'outra lingua. O tradutor non ten ainda o recurso de dar a ideia do original criando, se ten talento, un poema equivalente na sua lingua. Porque as exigen-zas de cada lingua e as convencións de cada poética non poden atopar eiquí satisfaizón. Hai, sen dúbida, en toda poesía un elemento de beleza musical, adaptado ás condicións da

lingua e que pende nelas; mais geralmente tamén se sostén a poesía n'unha armazón lógica que se pode revestir d'unha lingua diferente sen deformala. A poesía céltiga non ofrece tan xiquera esta posibilidade, pois n'ela falla a armazón lógica. A tradución non pode ser mais qu'un comentario que ajude ao leitor do texto original na interpreta-ción e apreciación do mesmo.

#### *Diferenzas entre a poesía greco-latina e a poesía céltiga*

Non hai que julgar severamente de mais esta sorte de poesía. Sen dúbida non s'atopa n'ela nada comparábele ao que hai nos Gre-gos de fondamente humán, a esta civilidade, coma di Bossuet, qu'os pon tan perto de nós. e que fai as suas obras radiantes de beleza, tan outas en valor moral. Cando a poesía é un mester oficial, o horizonte do poeta ten por lindeiros os do mundo a quen ten que gustar; o desexo do éxito rápido e do pro-yecto imediato sobreponde a todo outro coi-dado. A poesía céltiga de corte está tan limi-tada pol os asuntos que trata coma pol o pú-brico a quen s'endereita. Sería doadio esmagá-la na comparanza co as literaturas clásicas. Mais sería unha injustiza. Porqu'ela precura un ideal diferente; facendo prevalecer o ele-mento musical por riba do intelectual, e o imaginativo por riba do racional. Se esta é unha flebeza, resgátaa c'un mérito que non é pequeno: o da dificuldade. As exigencias da sua técnica mantiveron moi outo o prestigio da arte. Non é un mester vulgar o que re-quiere tanto estudio e apricación. O esforzo sostido de varios séculos cara un ideal artís-teco, nunca deixou de ter utilidade. Crea d'adianto un ambiente favorábele a quen-queira que s'erga, inspirado, d'un sentimento sinceiro ou dotado d'unha imaginación po-derosa.

Continuadores zelosos d'unha vella tradi-ción nacional, os poetas de corte forjaron un istruimento poético rico e matizado d'abondo pra sobrevivir á sua istoriación e servir a outros que non foran iles mesmos. Gracias a iles, os pobos célticos que tiñan pr'a poesía dons tan brillantes teñen a sua parte nas creaciós espirituás de que s'honra a humani-dade.

(Trad. de *An Oaled*).



# A B R C A

Por XOSÉ M.<sup>a</sup> CASTAÑO PRIEGUE

Pra Xesús Garrido

Están murchas, sen o vento,  
as velas da miña barca.  
No árbore sen follas do mastil  
a bandeira est'aforcada.

No-hai múseca nos cordaxes,  
nin hai escuma nas ondas.  
O faro prendeu no mar  
longas lumeiradas roxas.

\* \* \*

A lua rachou as velas  
cos seus coitelos de prata.  
O timoel soña ventos  
nun remuiño de calma.....

¡Barca! ¡Miña mariñeira!  
Espreguiza as tuas azas.  
Enche as velas, que o meu peito  
está cheio, xa, d'espranzas.....

Bruando chegou o vento  
e deulle un bandazo á lua.  
A barca e a mar durmidas  
fuxiron cuspindo escuma.

# M I S C E L A N E A

Na beira ezquerda do río Avia, na aldeña de Cuñas, nunha casa ben acomodada de labregos, pasou os anos máis ledos da sua vida Victor Said Armesto que neste lugar casara. Estiven neste casal onde se gardan moitos centos de bons libros un tempo estudiados, e os más deles anotados, pol-o chorado autor da *Lenda de D. Xohán*. Entr'os libros moitas notas curiosas. Recollo unha delas que estimo de intrés, tal coal ele a escrebiu:

Clasificación de las formas musicales gallegas.

## 1.<sup>a</sup> SECCIÓN

Cantos—de niños: mayos, ruadas, juegos de cuna

alalás

cantilenes variadas

baladas

carnaval

burlescos—*viejas* (arraflan)

Cantos de—pica pedreros

arrieros

pescadores

carboneros

segadores

trabajadores de lino

cantos de ciegos —jocosos, lastimosos.

cantos de pandeiro—(triadas)

muiñeiras coreadas

labradores de Padrón (culto a ceres; culto del fuego, etc.)

Cantos religiosos—plegarias

Navidad (Natal)

Ani-novo,

Reyes

novenas antiguas

Cantos de romerías.

## 2.<sup>a</sup> SECCIÓN

Bailes con gaita, *redoblante* y bombo.

Muiñeira

Riveirana (Rivero) —más viva

Contrapaso

Golpe

Carballesa (Carballino)

Maneo (?) de importación andaluza.

Chouteira —(Muiñeira de Mondoñedo)

Danzas —de espadas con Penas o sin ellas  
cintas

arcos

palillos

moros y cristianos      } de libre  
turcos y cristianos      } invención

fandango,

jota

Farsas —En Vigo y Villanueva (disfrazado el bastonero con una piel de carnero)

## II

Preludios

alboradas

pasacorredoiras

acompañamientos santos

gigantes

marchas procesionales

sonatas de gaita (al alzar, etc.)

## 3.<sup>a</sup> SECCION

Zanfona. Algunos le llaman gaita zamorana.

¡Desatino! (Tocaba *cantos de ciego*, jotas, muiñeiras, romances, trovas...)

Violines

Flautín y flauta

chirimías (marchas procesionales, en los actos concejiles, juglares)

Silvato —(cantos pastoriles)

gaita.

Cuernos de cabra (aires elementales de muiñeira, aires montañeses)

Elementos de percusión —pandeiros

castañuelas

triángulos

panderetas

conchas

A. DAS CASAS.

# Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

## FOLK-LORE ENCOL DOS NENOS

No número 99 de esta revista publiquei algunas noticias encol do folk-lore dos nenos na bisbarra de Carifio, que foron recollidas pol-o culto mencífeiro de aquil porto D. Alejandro Carreño, a quen tamén debo as que van a seguido. Sirvan estas liñas de testemuña do meu agradecemento.

**O NACEMENTO.**—A muller que está embarazada non debe comer fresas, nin percebes, nin lenguado, nin raia, mais si o fixera, debe coidar que non lle choute a i-auga de istes alimentos porque d'aquela sairá o neno lixado con *nevus* e outras pigmentacións nos lugares correspondentes a aquiles onde lle caiu a i-auga a nai.

Tampouco debe comer lebre, nin coello pra que o rapaz non naza fachado, é decir, co bico leporino. Debe privarse a nai de passar baixo de cordas, según unhos, ou por riba, según outros, pois entón nacería o cativo coa lingua presa pol-o cabestro ou frenillo.

No parto é asistida a parida pol a sua nai ou por outra muller que por xa ter asistido a outras sabe o indispensabel para recoller o recién, cortarillo o cordón e atarillo.

Pra *axendar* a parida danlle fregas no ventre con aceite e ruda; fanlle tomar grandes cantidades de caldo limpo, no que botan manteiga d'abondo, e tamén lle dan viño fervido. Aconséllanlle que non berre pra que non se lle vaia a forza, e cando o parto se retrasa din que debe estar a matriz atravesada diante, e pra separala queiman sobre unha sella algunas prumas de perdiz.

Despoixas de ter nado o neno e cortarille o cordón, atan a unha perna da nai o cabo que vai a placenta, pois teñen medo que se lle volva pra dentro. Pra axudar a botar a placenta, en algunos casos pónellenle a boina de un home, e outras vegadas fanlle sopiar n-unha botella.

Tan aixiña como a placenta ten saído enfaixan a parida con unha sábana ou toalla, e sin lavala nin tomar mais precaucións, ofré-

cenlle de contado caldo de galinha con manteiga e ainda lle fan tomar a forza.

Cando sobreven unha hemorragia xuntan todolos ferros e cousas de peso que haxa na caixa e sin que se decate a enferma tiranlos baixo da cama con gran estrondo pra que co susto se lle corte.

Con todo, si o parto non é normal e a causa se presenta grave, chaman o mencífeiro.

Así que nace o rapaz lávano e báñano botando un dente de alio dentro da i-auga. Tamén se adoita a darlle unhas fregas con alio, despoixas do baño, pra que se morran as lombrices, pois coidan que xa nacen co neno.

**O BATEO.**—Si o crego se trabuca ó bautizar a criatura e o unxe con óleos da extremaución, o rapaz terá dispols visiós.

**O BERCE.**—Os tipos mais adoitados son tres.

Non debe arrolarse estando o berce valleiro, porque entón ven o trasno a deitarse n'il. Tampouco é ben que se sente no rolo ningunha rapaza solteira.

**VESTIDO.**—O mais usual é unha camiseta, i-enriba unha chambra ou xubón de franelas, a faixa e o pañal dobrado pol-a diagonal, e posto de xeito que as puntas de ésta pasen pol-a cintura, e as outras, por entre as pernas. Despois envólvese n-unha baieta e todo n-unha manta, mantón ou pano, según a posición da familia.

**ALIMENTACION.**—Moito antes do tempo comen do que non deben. Ó nacer danlle ós rapaces chocolate crudo; ós dous ou tres meses, papas, sopas e pescado, e o ano xa comen de todo sin perxucio de que a nai lle siga dando de mamar en todo este tempo.

**CRECIMIENTO E DESENROLO.**—Os nenos comienzan a andar, pol o xeral, arredor dos dez meses. A época da dentición varia, e ós dentes bótasellos a culpa de casi total-as enfermedades dos rapaces. Pouco mais

ou menos cando principian a andar comenzan tamén a articular as primeiras verbas. Hai a creencia de que non se lles deben cortar as uñas ós rapaces, porque sinón os rapaces tardan moito en falar ou son mudos. Pol-a mesma razón tampouco se deben xuntar n-un soio berce a un neno e unha nena.

**ENFERMEDADES.**—Como xa queda dito, cando os nenos de menos de dous anos enferman, as nais e os abós atribuilenlo os dentes ou as lombrices.

Pra os dentes o remedio mais adoitado é o de fregar as enxibas con azafrán e viño branco.

Pra as lombrices úsase moito o allo, ben

metendo entre as roupas do rapaz un dente de iste bulbo, ou ben esmagandoo e poñéndolle a pasta nun pano atado ós pes. Tamén pra as lombrices se dá de beber a i auga de cocer o sarro das chimenias, pro xa hai quien sabe pedir nas boticas os polvos de San Antoniño (santonina).

Pra o estremiento dos nenos pequenos adóitase apuntar un cañoto pequeno de berza, a xeito de un lápiz, e untado de aceite ou de xabón pónselle no ano.

Pra los ferina teñen por gran remedio o caldo de rato.

XOSE RAMON E FERNANDEZ OXEA.

## M I T T E L E U R O P A

(Proseguimento de Da Alemaña)

por VICENTE RISCO

### II VIE NA

bios auténticos que non lles intresa o seren sabios oficiais.

De que me sentei n-esta posición espiritualmente tan incómoda, espriquei todo o que demandaba. Mais tan ben coma me saira a cousa en Praga c'unhas singelas verbas, tan mal me saiu arrestora co-a recomendación. Ben é certo que o Dr. Fadrus non era un Profesor, nem xiquerá, se cadra, un Doutor —se o fora, porrao na carta— senón un Conselleiro escolar da cibdade (*Stadtschulrat*). Escoitou moi atento, e de que falei, foi enchendo con lapiz e coltando d'un pequeno blok varias cédulas, que eu fun recollendo: unha recomendación pr'a *Lehrerhausverein* (unha asociación de escolantes), VIII, Josep hgassee, 12, II Stock, pra que me deran unha cámara barata, por unha semán; outra co-as señas de duas cocifas baratas: *Wöck-Knche*, I, Herrengasse, e *Mittela*, Hofburg e Kohlmarkt; outra aconsellándome visitar o *Niederösterreichisches Landesmuseum*, Herrengasse; outra co-as señas do *Volkskunde Museum*, VIII Laudongrassse, 15/19; e outra co enderezo telefónico do Prof. Hofrat Ha-berlandt, A. 26 - 6 - 60. Entón, vendo que

non había mais, despedíume. Díxome que sempre que o precisara que fora a velo.

### ACHTEN SIE AUF IHRE GARDEROBE

Ainda pillei a misa de doce na Stephen Kirche, dita n-un luxoso altar barroco d'unha das calunas, co Santísmo exposto, por un crego vello que despois da misa, reservou e deu comunión.

Diante d'un cadro da Virxe co Neno, pintado e coas croas en relevo, que hai n-un pilar do transepto, había un candieiro de ferro con moitas veliñas acesas: as dos difuntos.

Din unha volta por afora, arredor da eirexa, vendo as maravillas d'ornamentación ajival, as estautas, Ecce Homos, relevés da Paixón, do Rosario, etc., e as lápidas e escudos d'armas procedentes do antigo camposanto e postas nas paredes do domo. Un Ecce Homo de tráxica expresión, tiña froles frescas postas ao pé, usanza d'eiquí e tamén de Praga.

Por fin fun probar un dos restaurants que me dixera o Sr. Fadrus. O do Kohlmarkt

nono atopei, mais na Herrengasse, vin afei-  
tivamente, despois de moito buscar, un le-  
treiro sainte co-a figura d'un mozo levando  
un prato recortada en modernista, e debaixo  
a inscripción *Wock Kuche*. Aos lados da por-  
tiña baixa, había a lista dos menús de 2, de  
1,74, de 1,30 shilling. Señores e señoras pa-  
raban diante, llan, e marchaban. Eu  
entrei.

Había que baixar seis ou sete escaleiras,  
pra s'atopar un n-un portal pequeno con luz  
eléctrica. No fondo había un mostrador onde  
vairos individuos servianse a si mesmos; à  
dereita unha cabina con ventanillas onde  
cumpria pagar adiantado o cuberto qu'un  
quixerá. Aquello já me non gustou moito.  
Ben sei que isto é corrente na Europa cen-  
tral, mais o certo é que eu coñecia somen-  
tes d'ouvido, e qu'endejamais figuera d'elo  
usanza. Ademais cheiraba a cocinha econó-  
mica qu'atufaba e botaba pra trás, mais ain-  
da que no restaurant da Biblioteca de Ber-  
lín. Non embargante, había que probar. Con-  
que, achegueime ao ventanillo, qu'era com'a  
taquilla d'unha caseta de feira, e o home  
qu'ali había perguntoume que menú quería.  
Eu dixen que de 1,74, con carne (pois tamén  
o había sen ela), paguei e deume unha cédu-  
la bermella.

Entrei no comedor, que non era ruín: rela-  
tivamente craro, limpo, con columnas de ferro,  
servido por mulleres con sabelo branco  
e cofia, boas mesas, cadeiras cómodas. A  
gente que había semellaba boa: clás meli  
modesta, rapaces que semellaban estudan-  
tes, rapazas que semellaban dependentas de  
comercio, algún señor cheo de distinción,  
señoras das que tantas se ven pol-a rua...  
A comida era boa: rica sopa, carne con sal-  
sa, guisantes e patacas assadas, pastel de  
chiculate con boa Sahne. Mais nas paredes  
había letreiros sospeitosos: n-un d'iles, a  
Adeministración aseguraba que non respon-  
dería das prendas que faltasen; n-outro  
ameazábase c'unha multa de 300 schilling a  
quen roubara unha prenda. No meio da sala,  
alcendiase e apagábase un letreiro de ferro e  
cristal pendurado d'unhas cadeas, que dicía:

*Achten Sie auf Ihre Garderobe! = Vigie  
Vde. o seu gardaroupal*

Ben. Coma digo enantes, eu já tiña ouvido

falar d'iste choyo, dixéranme qu'eran fre-  
quentes istes avisos en moitos estabreci-  
mentos públicos da Europa central, qu'isto  
non quería dicir nada nem daba naña que te-  
mer... Mais ao fin e ao cabo, eu son peisano,  
e dos mais badocos. Pol-o si pol-o non, pou-  
sei o chapeu nas travesas inferiores da miña  
cadeira, e senteime riba do meu cartafol.

Ademais: pago adiantado, cheiro a cocinha  
económica, posíbeles roubos de prendos, fe-  
riron unha migia a miña susceptibilidade de  
señorito provinciano. Pareceume mal qu'o  
Sr. Fadrus me mandara a semellante sitio,  
e perguntábame a min mesmo por quen me  
tomara aquil señor... Mais, non fora eu quen  
demandara un sitio barato? O que é, é qu'en  
Praga fixéranme tan boa vida, qu'agora viña  
afeito a malos vicios. Mais lembraba que res-  
taurants tan baratos com'aquil, somentes que  
sen cheiro, sen pago adiantado e sen adever-  
tenza de roubo de prendas, já as tiña eu ato-  
pado ao pasar pol-as ruas de Viena. E de-  
termíñei de non voltar à Wock Kuche, an-  
que si sentín a curiosidade de visitar a pou-  
sada d'escolantes.

#### HOFBURG. A IDEIA IMPERIAL

Estou diante da fachada d'esprendor neo-  
clásico do Hofburg, antiga residencia dos  
Habsburgos, encomenzada já pol-o primeiro  
imperador d'esta casa, Rodolfo I.

Entran os autos pol-a gran porta, e a gente  
pol-as dos lados. Pásase por debaixo d'unha  
gran cúpula barroca e cesárea, o pátio do  
pazo, con moimentos a dous imperadores,  
o frente d'atrás con estautas e balcón central  
con croa pechada, e enriba, na cima, a croa  
de Caltromagno, e aos lados, a distancia, duas  
águias enormes pisando trofeus.

Despois, por galerías, pásase à Helden-  
platz. En todas estas galerías, hai cristalei-  
ras de tendas.

A Heldenplatz ten jardis Le Nôtre, todos  
en verde, sen frores: herba, buxos e arbres  
en pirámide. Iste jardis solenes e tristeiros  
chegan deica a Burgtor, unha columnata  
grega c'unha inscripción: *Justitia Regno-  
rum... etc.* (non lefn más).

Despoixas, atravesei o Burgring, con bas-  
tante movemento, e atopeime na Praza de  
Maria Tereixa: jardis Le Nôtre, bancos, o

moimento da imperatriz, sentada nun trono, co cetro na man, e catro cabaleiros «à Federica» nas esquinas. A un lado e a outro, os Museus, edifizos neoclásicos.

Ben. Senteime nun banco. Había area coor d'azafrán nos paseos, coma nas imitacions castelás de Verlaine.

Eiqui estaba de novo o Imperio, menos rexo, menos brutal, qu'en Berlin. En lugar de facer matinar en levitos abotoados deixa o pescozo e cascós de pica, lembraba más ben charramangueiros uniformes d'opereta, con moito cordón dourado e gorros de peles con longos penachos. Mais saíndo pol-o collar d'ises uniformes, faces nobres, corteses e sorrientes... Mais poucas bromas co-estas cousas, que non son brincadeira. «Iles han volver», dixen eu matinando na nobreza prusiana, cando ollaba os moimentos dos Hohenzollers; mais istes outros que atá no noso Fisterre, magnificamos envoltos en notas de vals, tamén poden volver.

Nunca foi cousa de risa, o Imperio, nin-o sería agora, inda qu'estivera já asegurado que non volvia. Pra tanto más, s'o podemos volver atopar en calquera revolta do tempo. Non misturemol-as cousas, porque eiqui hai duas: nobreza e Imperio que ata foron, e poden volver ser, termos contraditorios. Así espriican os historiadores o Imperio Romano... Mais ben o Imperio, o Cesarismo, tende a facer pé na democracia, ainda a nivelar todo o qu'está por baixo da persoa do César; o Imperio leva coil moito d'igualitario; en tanto cesarismo, érguese dend'unha igualdade. Ao trono dos Césares romanos, chegaron moitos que non eran ninguén, moitos fillos dos seus feitos, e ainda das ventoleiras da soldadesca; ao trono de Byzancio podía chegar calquera; igual ao dos Kalifas; os Bonapartes son un bó eixempro recente. Nobreza e Imperio non son a mesma cousa.

Mais efectivamente estamos eiqui dedicante da lembranza dun Imperio d'esa sorte? Non; nen eiqui, nem en Berlin. O de Berlin foi un imperio militar com'o dos Césares, mais non foi com'o dos Césares. O de Viena foi outra cousa qu'o de Berlin; o de Viena foi a sucesión dun Imperio feudal. Hai moita diferenza. Pouco importa, pra un e pra outro, a carantonha cesárea, as águias de pedra e de

bronze, e a verba *Kaiser*; pouco importa ese disfraz, más ou menos antigo de pedantería clásica. Temos en Berlin, un imperio militar, en Viena, un imperio feudal. Cal é a diferenza? Ollai: o militar é de derecho público; o feudal é de derecho privado. A diferenza non pode ser mais fonda. A loita antr'o público e o privado é toda a politeca e toda a historia. Son cousas que, por limitárense a unha á outra, teñen por força qu'estaren en porfia permanente, tendendo perpétuamente á mítua invasión. Se ben se miraran as cousas, e se vise que non hai outro problema politico, non habíamos perder tanto tempo en discutirmos cousas nas que non nos vainen nos ven. Quedamos en qu'iste foi un Imperio feudal, cuia grandeza, precisamente, emprincipiou a ir pra baixo cando s'ergueu a fuerza militar prusiana, qu'acabou co verdadeiro Imperio dos Habsburgos, pra rematar por erguer outro no seu canto.

Pra millor precisar a diferenza antr'o militar e o feudal — cuia esencia é a dita — apriquemos istes conceitos á nobreza. O nobre feudal encomenzou por ser un *guerreiro*, e convirteuse despóis n'un *cabaleiro*, perfeizón e remate do seu tipo; de que se fixo *militar*, deixou de ser feudal, pra ser unha sorte de funcionario. A milicia é a burocracia das armas. Namentras o nobre foi guerreiro ou cabaleiro, era un vasalo; de que se fixo militar, foi un súbdito. Ficou sujeito a unha disciplina, convertido cada vez más en servidor d'unha cousa abstracta e impersonal que se chama o Estado.

Ténseme ocurrido a min, hai moiito tempo que se podía contrapôr o militar ao cabaleiro, coma se contrapón a y arma de fogo á lanza e á espada.

O encontro e divergencia dos dous tipos dase no Renacemento, nas guerras d'Italia: Bayard é o último cabaleiro; Fernando de Córdoba é o primeiro militar.

Non é, por iso, qu'o militar perda en nobreza, é qu'a entende d'outro xeito. A nobreza militarizada adáutase aos tempos. O valor ético da nobreza adáutada, o valor ético do militar — coma do engenheiro, do inventor, etc. — já o deixei indicado ao falar da nobreza prusiana. Coido que é superior ao da nobreza refractaria. Ora, o seu valor

estético é sen ningunha dúbida máis baixo. Mais matinemos no Imperio, n'iste Imperio. Acabo de ver, ahí atrás, a croa de Calromagno esculpida en pedra. A lembranza de Calromagno —cuia misteriosa relación con Galiza é un dos más atentadores probremas da nosa historia— conmóveme sempre un pouco. Paréceme que Calromagno ten o mesmo senso universal que Compostela: unha universalidade que s'ennobrece chamándose catolicidade. Non debemos esquecer qu'iste era o Sacro Romano Imperio, un Imperio de tal sorte trocado pol o bautismo, que somentes se pode chamar Romano pensando na Roma papal; un Imperio feudal, en moitos instantes case honorífico, incluindo Reinos, e Repúbricas, e Teocracias, e Ordes militares e monásticas, e Gildas, e Irmandades, e Feudos, e ainda Tribus. Sen dúbida é grandioso; sen dúbida estivo ben, enantes de qu'os Imperadores se sintiran Césares, e qu'a súa pompa barroca afogara ou pretendera afogar tantas cousas.

Boeno: dito eiquí de certo, eu non sinto a sugestión do Imperio. Non me sinto tan pequeno que me pasmen as cousas grandes. Mundial, eu, millor que outros. Mundialismo, cosmopolitismo, ideología de Hotel Metropol coma a de Mr. Romain Rolland, emoción humana coma a de Mr. Horace G. Wells, Paneuropa e os outros Pan, e demás delirios de grandezas de miolos amolecidos na gran-de urbe, aborrécenme, danme noxo e repulencia, parécenme d'un cursi ergueito à enésima potenza. Mais se ao fin e ao cabo houbera qu'aturar unha orgaización internacional d'esa caste, ou semellante, eu, millor aturaba o Sacro Imperio.

O Sacro Imperio non-era, pol o menos, un ensoño de filósofos de Hotel Metropol. Anque, por disgracia, se volvera, algo tivera que se contamiñar d'esas parvadas.

No fondo ainda me queda unha ideia qu'ainda non puden pór en craro, na que cecáis estea a chave do probremo do Imperio.

#### FAI QUE CHINQUES E NON CHINQUES ::

Erguinme por fin do banco, chegueime deixa a acera dos edifizos da Messe, e collin

pol a Múseum Strasse. Isto todo é grandioso; é ben más fermoso que todo o de Berlín, ten algo de París, anque más pulcro e de millor gusto.

Pasei por diante do Volksteater, neoclásico, e despóis pol-a Auersperg Str. já menos grandiosa. Na segunda esquina, à esquerda, a Josefsgasse. Estreita ao principio, despóis más ancha, desigual, con escaleiras, aceiras unhas más outas que outras, tenduchas, a redacción d'un jornal, ninguén, somentes un garda paseando.

Cheguei á casa indicada. Unha chea de letreiros todos d'asociaciós e cousas do Magisterio. Sorte de Pazo ou quartel geral dos metrolos. Boa casa, relativamente antiga, limpa, ben disposta, outa de teitos, boa escalaera, unha Wök-Kuche no baixo... Rubín e andiven d'un lado pra outro lendo letreiros. Perdido ante tanto *Bund Band, Verband e Verein*, chamei en dous sitios. Nun saleu un señor con tipo d'oficinista, de gafas, homildiño, que leeu a cédula e mandoume pra un lado. Fun ao segundo e abriu un señor mozo, outo e grosso, moi apersoado, escolante seguríssimo, leeu a cédula e mandoume pra outro lado.

Todo moi limpo e ordeado, mais aquele tiñame un ar pouco simpático, frio, coleitivista e pedagógico. A pedagogía, boa ou ruim —e n'estes países é da boa— non se pode cebar en ningures d'un tono empaquetado e pedante.

No lugar verdadeiro estaba pechado; leín un papel espetado na porta onde dicía qu'estaba abierto das dez ás duas horas. Sentinme feliz de qu'estivera pechado, de verme libre da obriga de pedir alí unha cámara... Asi e todo —hai que ver o qu'un é— se cadra por llevar a concuencia tranquila de ter feito o qu'estivera na miña man pra precurar sitio n'aquela pensión; e se cadra más tranquilo de facelo cando non tiña o compromiso de quedarme s'había sitio, c'unha doblez d'intención e unha perversidade dina de castigo —perversidade contra mí mesmo, a quien quería facer coma qu'iba engañar— ainda tiven o valor de picar de novo no timbre, merecendo que me viñeran abrir, e ao non ouvir resposta, baixei co curazón libre d'un peso.

Voltei pol-o mesmo camiño, e ainda me sentei a botar un pito nos jardíns de María Tereixa, no mesmo banco ond'enantes estivera a cismar. Chovera, e o sol que s'estaba deitando douraba as follas dos arbres e dos buxos. Linda hora. Estaba aquelo ben; sentiase un ben alí. O corpo gorentaba o fresco, a luz e o doce ar da serán. A y-alma asombrábase tristeira no isolamento.

Erguinme e botei a andar. Pol-as ruas do centro, cheas d'autos e carros eléctricos, perigosas com'as de París, con mulleres fermosas e elegantes, tendas preciosas e ainda intresantes, con preciosas antigüidades, más ou menos auténticas, teas modernas cheas de fantasia e ainda ás veces d'arte, confezós, perfumeria que tanto estudei en Berlín, joias, e principalmente cousas de prata que lembran as de Compostela, todas con estilo e con inventiva, e ourivesarias d'un gusto especial, que semella a un tempo refinado e bárbaro, mistura de calados ou filigrás con esmaltes e pedras incrustadas, cousa d'eiqui e verdadeiramente intresante.

E vou matinando: millor era non ver estas cousas cand'un non ten... Mais eu estou ben resñiado a non ter... Iste son pensamentos que veñen da soledade, da desocupación, pessimismos nados de tres días d'isolamento... Débese un conformar co que ten... Compre reagir contra d'isto... Cra' está que diante d'un pasa o qu'un non terá endejamáis, gozes que nunca un ha probar, etc... Mais iso non importa, soilo val aquelo qu'un aprecia, somos nós quen lle dá valor ás cousas... A vida de cada un é unha renuncia constante, pois somentes se pode ter isto con tal de renunciar a todo o outro... E despois de todo, igual dá... Nada importa nada.

Collin o autobús diante da Stephen Kirche, já disposto a non sair da Pensión Karolina.

Viña moi triste,

A cea non foi ruín: un picadillo frío con ensalada á mayonesa, coma o outro día, queixo e manteiga con pan centeo e froita.

Despois, traballei e deiteime. Tiña enterrado outro dia.

(Continuarse).

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

ROSALÍA, CURROS  
E JUAN RAMÓN

Un periodista madrileño, violando a morada de silencio do andaluz universal, obtivo de Juan Ramón Jiménez unhas declaracions encol de poesía. Non hai cousa como falar de poesía, escrama gaiosamente o gran poeta; e vai respondendo ás preguntas do seu interlocutor ou ás que interiormente il mesmo se formula. Do dito intrésanos dúas cousas. Unha ista: Juan Ramón Jiménez, na súa mocidade, leeu a Rosalía e a Curros, que figuraban na biblioteca de un señor de Moguer, vello repubicán. E ademais de leelos exercitouse en traducilos. Algunhas de estas traducións publícárónse en un periódico de Huelva. De sorte que Juan Ramón Jiménez, traductor de Curros e Rosalía. ¡Qué curioso non sería coñecer istas traducións! A outra cousa que nos interesa é a afirmación segundo a cal Rubén Darío sofriu o influxo de Rosalía, que inxustamente esquecidados casteláns—, revive no cantor americán. Ista declaración é verdadeiramente sensacional. Un non reparóu endexamáis en se-

mellante cousa nin nada parello. Habería que probalo. Qué curioso sería ouvir razoar ista tesis do gran poeta andaluz que vencella inopinadamente a nosa grande lírica co grande lírico ultramarino.

R. C. C.

### L I B R O S

LAMEGO EN EL ARTE PORTUGÜÉS, por Carlos de Passos trad. del Marqués de Lozoya sep. de «Boletín de la Soc. Esp. de Excursiones», 1934.

Lamego rebelada e destruída por Trajano, reconquerida dos mouros por Fernando o Magno, logo por D. Enrique de Borgoña, ainda por Afonso Enriqu-s, tivo duas épocas de esplendor: nos tempos suevo-góticos, erigida en sede episcopal no Concilio de Lugo de 510, e despois nos séculos XIV e XV, en que tivo feira anual visitada polos mouros de Granada. Decaeua coas Descobertas e cos Felipes.

Tivo industrias artísticas de carpinteiría, bordados e ferrería. No XVII frabicou mobiliar de arte, con boas obras de talla, torneado, ensambladura, etc., realizando tipos nacionais, despois de pasar pola influenza europea e india; e teitos tallados e pintados nos pazos da grandeza da vila. O bordado cultivouse dende o século XVI ao XVIII, producendo maníscas pezas litúrgicas que se conservan.—En ferrería, menciónanse o facistal e as reixas da Sé.

Outras obras d'arte notabres de Lamego son o caliz da Sé e os cinco painéis pintados polo Grão Vasco que se conservou no Museu, salvados da destrucción e tamén no mesmo Museu, a millor colección de tapices de Portugal.

Antro os edifizos, están a catredal, con torre románica, fachada gótica e o resto Renacimiento, e as eirejas de Balseu mão (sec. VII ou VIII) e de Almacave (sec. XII).

O A. soupo facer en poucas páxs. unha síntese ben boa do valor artístico da vella cibdade portuguesa.

**O ROMÁNICO NO CONCELHO DE GUIMARÃES**, por Luis de Pina, Guimarães, 1928-30.

Son varias separatas da *Revista de Guimardes*, nas que o A. estuda as eirejas de S. Miguel do Castelo, San Cipriano de Taboadelo, Sta. Eulalia de Pentieiros, San Pedro de Polvoreira e S. Salvador de Pincheiro. Son pequenas eirejas rurais, d'unha nave, con ouso rectangular, con arcos apuntados debidos a reconstruccións, modillóns singelos, cruces antefixas. San Miguel do Castelo pasa por ter sido a capela Real no tempo d'Afonso Enriques. Hai no pavimento curiosas lajes tumulares.

**SUBSIDIOS PARA A ARQUEOLOGIA DO CONCELHO DE GUIMARÃES**, por Luis de Pina, Guimarães, 1929, 1930.

OUTRAS duas separatas, unha tratando de *Os «Fornos da Ribeira» (S. Jodo da Ponte)* no que estuda o achádego d'un antigo forno, que pra o A. é luso-romano e servia pra cocer tella e tixolos, e que deu nome a un lugar. Ao mesmo tempo noticia o de un dinar d'ouro do tempo do emir Abderrahmán, aparecido por aquiles mesmos lugares.

A outra é sobre unha *Sepultura luso-romana da Lapinha (Devesa Escura)*, achádego casual, estudiado polo A. Sepultura luso-romana d'incineración, que forneceu moitos testos de cerámica, anacos d'un muiño, e algún pequeno oujeto de bronze.

**O CRONISTA RUI DE PINA E MESTRE ANTONIO «FISICO» DA RENASCENÇA**, por Luis de Pina, Coimbra, 1933. (Sep. de «O Instituto»).

REFÉRESE a un tratado en col da provincia de Antre-Douro-e-Miño, escrito polo físico vinaranense Mestre Antonio, médico do Rei D. João II, e que foi aposto ao cronista Rui de Pina, por andar junto en varios ms. coas obras d'iste. Ademais da descripción daquela provinza, o traballo de Mestre Antonio contén outros curiosos tratados sobre virtudes de moitas pedras, plantas e animais, fontes, países (como Anuenia e a India do Preste Johan) o Paraíso Terrenal, etc.

O A. dá noticia de diferentes ms. do tratado, escrarece a persoalidade do Mestre Antonio, e asegura que Rui de Pina non se apropiou indebidamente da obra, como indica Herculano.

**PEDRO JULIÃO OU PEDRO HISPANO (PAPA JOÃO XXI)**, por Luis de Pina, Lisboa, 1932. (Sep. do Arq. Hist. de Portugal).

ESTUDO sobre a persoalidade, especialmente médica, do Papa Johan XXI, do século XIII, coñecido no mundo das letras cos nomes de Pedro Julião, Pedro Hispano, Pedro Lusitano ou Pedro Hispano Portugalense. Pedro Julião nasceu en Lisboa, polos anos 1210 a 1220; estudou meciña en Lisboa e Montpellier, foi Deyán de Lisboa, Arcebispo de Braga, Prior de Guimarães, bispo-Cardeal de Frascati e Papa. Parez que profesou a meciña en Siena. Apónselle o *Thesaurum pauperum*, *Commentarios a Isaac*, *Liber urinarum*, *De fornatione hominis*, *De oculis* e outros tratados médicos. Como filósofo foi mais ilustre que como médico; as suas *Summulae logicales* foron durante séculos texto de lógica nas escolas, e o tratado *De Anima* revela un grande psicólogo. O *Thesaurum* contén unha chea de receitas de caraute popular, moitas d'elas ainda en uso.

**«A LA SOMBRA DE MI VIDA»**, por Pedro Pérez Clotet. Pen Coleccio Madrid, 1935.

FRENTE a unha poesía fofo e verbalista, ista poesía chea de sustancia e de forma. Poesía d'un xeito curuscante e inxel; poesía que deleita, sin morbosidade nin luxos literarios; poesía de volumen, arquitectónica,

d'imaxen vitalista, inda c'un senso órfico da rima e do ritmo. Por riba de todo, poesía maciza, con fondas raíces e xustamente fríolla. Por iste libro corre esa forza dinámica e creadora que fai o miragre da natureza e o ritmo íntimo das cousas e das formas.

A poesía de Pedro Pérez Clotet non é poesía creacionista, por mais que na ponla da verba verdeza o poema no momento en que o conceito se trasfute en beleza. Non é tampouco poesía enerxética no senso das imaxes cruzándose n'un vértigo dislocado e amorfio. A poesía de Pérez Clotet ten un senso xustamente dinámico, como unha razón trascendental, lonxe do frío esteticismo.

Para loubar con xusteza a poesía de «A la sombra de mi vida», hai que faguer colleita no seu esprédido eido de imaxes, nas que se atopa unha forma de escelente gravedade; imaxes que a forza de erguer no seu fondo de luz os planos e as aristas, conquieren un ámbito de cántico inefable. Non é poesía conceitista, nin hai nos seus poemas o sono de curvas do barroco. A liña sai do fondo do espírito d'un xeito natural, madura, perfeita; non percisa o pulo do cerebralismo para aliar os horizontes cromáticos das figuras literarias; nin se apoia nos sarmentos do ritmo para chegar a unha beleza precisa e madurada.

Falan d'istas fermosuras as imaxes de «A la sombra de mi vida». Un feixe d'elas falara do libro millor que o meu ledo criticismo: («Te embarcas en el alba como en un río de pájaros». «Ese sol que convierte la nieve en corazón». «Sin lunas, más con dulces palomas de tu voz». «... saltando la muralla de tu carne de piedra». «... el beso se ilumine sin lunas de romance». «... con un perfil de duelo y un acento de adelfa»).

Leendo iste libro o espírito chega a ter unha paisaxe mais bela e mais leda qu'a natureza na madurez do meridiano. Nos ríos, nas árbores, nas pedras, no ceo, na lúa, en todos os elementos que inventa o pulo lírico do poeta, vemos unha realidade palpitable. Pedro Pérez Clotet loita por sair da sua propia soma, por conquerir unha paixón na que gozar prenamente da gracia íntima do espírito. Un galego diante d'iste libro falaría de saudade; pero o autor é un poeta andaluz que de tanto ollar o ceo azul esquece a canle das pretas soedades. Loita tremenda a do poeta frente os grandes problemas do espírito humano. Diante do amor, debátese como por arrincar dos seus ollos as sombras e da sua alma as mudas voces escondidas...

Os críticos dixerón que existe unha grande afinidade entre a poesía galega e a poesía andaluza. Verdade. Ningún como nós comprende a poesía dos homes do sur. Os andaluces sinten a nosa poesía intimamente.

Lede iste poema e xa veredes como nasce no voso corazón unha arela incontida de traducir as verbas:

\*Salirse así, en silencio, con pasos como [plumas,  
sin arrastrar ni un leve suspiro de tu alma.  
Como el árbol se sale de la tarde...  
Sin que el árbol lo sienta ni la tarde lo sufra\*.

Pedro Pérez Clotet é un dos espíritos mais senlleiros da nova xeneración de poetas andaluces. Traballa decote lanzando follas de literatura, nas que ten azas o rexurdimento da poesía ibérica. Autor de varios libros que o proclaiman como escritor de primeira fila. No seu pobo andaluz tece sinxelamente a tea d'unha esgrevia revista: «Isla». Iste é o poeta de «A la sombra de la vida», un dos libros mais interesantes do noso tempo.

A. M. C.

#### PROBLEMAS METODOLÓGICOS DE LA HISTORIOGRAFÍA VALENCIANA, por V. Genovés Amorós, Valencia, 1935.

**D**ISCURSO de recepción no Centro de Cultura Valenciana. O A. trata os problemas da metodología histórica, según o seguinte esquema: I. Aspectos e distinciones previas. División da metodología, que divide, naturalmente en parte analítica ou investigativa, à que chama *erudición*, e parte sintética, à que chama *valoración*. II. Os problemas da erudición na historia de Valencia, 1, as conclusiones instrumentales (ciencias auxiliares); 2, os problemas da heurística (especialmente: a) repertorios documentales e bibliográficos, b) fontes manuscritas, c) fontes impresas e bibliografía); 3, os problemas da crítica. III. Os problemas da valoración, 1, os criterios apriorísticos na historia de Valencia. a) o territorial ou localista (que atopa defecuoso), b) o nacionalista da Valencia extinta ou o nacionalista pancatalanista ou occitánico (que considera insuficientes), c) o criterio cultural (que é o que preconiza, sempre que se lle dea un senso valenciano); 2, os problemas da exposición historiográfica (preconizando, por razões de difusión, as formas biográficas e de historia a arte).

#### LA COMARCA EN L'ORGANITZACIÓ INTERNA DE CATALUNYA, por Francesc Granadell, Barcelona.

**O**A. presidente da «Lliga Comarcal de Catalunya», a que están adheridas numerosas entidades comarcals, fai n'iste discurso, pronunciado o ano 1934, unha forte alega-

ción a prol do recoñecemento da persoalidade jurídica das *comarcas catalanas*, como base da estructura vital de Cataluña. A comarca é en Cataluña o que eiquí chamamos nuns casos, *terra*, e n-outros *bisbarra*. Ali, com'eiquí, estas entidades geográficas conservan a sua vitalidade apesares das artificias divisíos administrativas dispostas polo Estado central, formando verdadeiras regiós naturás que, como se vé por iste discurso arelan o seu recoñecemento como entidades administrativas, económicas, e ainda culturás. Hai tempo que a moderna geografía se ven ocupando, incruso na Hespaña, do estudo das regiós naturás, nas que descobre os centros vitás dos pobos. As regiós catalanas dan ademais un senso políteco ao asunto exigindo o recoñecemento da sua persoalidade jurídica.

PER UN INDEX D'ESCRITORS  
«SUPER FORIS REGNI VA-  
LENTIAE», por Joan Beneyto Pérez, Va-  
lencia, 1935.

**T**AMEN discurso d'ingreso no Centro de Cultura Valenciana, no que o A. ofrece unha valiosa aportación bibliográfica en dous Foros do Reino de Valencia, dividida nas partes seguintes: Edade Meia, juristas e glosadores.—Reseña cronológica de escritores «super foris» do século XIII ao XVIII.—Caraute das «Notas super Foris».—Deberes da mocedade e corporacions culturás. Sigue a resposta do Sr. Francesc Martínez i Martínez.

## REVISTAS

LOGOS, boletín católico mensual, n.º 44 na canonización de Thomas Morus, Pontevedra, xaneiro-marzo 1935

**S**UMARIO: *Espello de leigos*, Filgueira Valverde. *Thomas Morus*, Otero Pedrayo. *Fortuna da «Utopía» na Hespaña*, Fernández Villamil. *Dos pelerinos ingleses que visitan a Compostela*, R. P. Crespo, O. de M. *Noticiario da cultura gallega*.

BROTÉRIA, Lisboa, Março 1935.

**S**UMARIO: Mariano Pinho, *A organização Internacional do Trabalho*. J. da Costa Lima, *O Santo Grual*. Luis Chaves, *Etnografia Portuguesa*. Domingos Mauricio, *Os jesuitas e o ensino das Matemáticas em Portugal*. E. Lombart, *Documentos da Santa Se*. Manuel Murias, *Um inédito de Vieira no Arquivo Histórico Colonial*. Dr. A. Melreles do Souto, *A Assistência Oto-Laringo-*

*lógica nas Aulas Infantis; sua necesidade*  
*Revista de Revistas. Bibliografía. Obras*  
*recibidas*.

BROTÉRIA, Lisboa,  
Abril, 1935.

**S**UMARIO: Mariano Pinho, *Uma data que importa recordar*. J. da Costa Lima, *Aristocracia plástica*. Luis Gonzaga de Azevedo, *Despois das Cortes de Coimbra de 1261*. Dr. José Leite de Vasconcellos, *Amid os deuses*. Luis Chaves, *Etnografia Portuguesa*. Armando de Mattos, *A propósito do meto-tornés de D. Fernando I*. Antonio Leite, *Tomismo e Aristotelismo*. Serafim Leite, *Bartolomeu de Gusmão, o Padre Voador*. Antonio Hitckmann, *Espíritos que buscam a Cristo. Revista de Revistas. Bibliografía*. *Obras recebidas*.

TUDE, revista editada por los estudiantes de Bachillerato del Instituto de Tuy, Abril 1935

**S**UMARIO: *Nuestra Revista*, J. Ferro Couselo. *El sueño de los alquimistas realizados*. Mercedes da Vila Bela, Alberto González Varela. *El formalismo en la Escaldia*, J. F. Camino de Santiago, Emilio Blazquez. *El niño quiso ser mar*, Amalia Novás, Manuel Rodríguez Ucha. *Lembranza. Don Manoel Lago González. Memorandum*. Grabados: *Portada*, Pedro Díaz Alvarez. *David*, (Pórtico de la Gloria de Santiago); Alvaro Alvarez Blazquez.

Revista de rapaces intresante polas disposicións e o entusiasmo que revela, e que saudamos coa meirande simpatía, desexándolos persistan na laboura.

REVISTA DE ESPIRITISMO  
Lisboa, Julho-Agosto 1934

**S**UMARIO: *Metapsiquistas e Espiritistas*, Faure da Rosa. *Factos supranormais*. *A sombra do Espiritismo*, A. C. de Moura. *5.º Congresso Trienal da Federação Espiritista Internacional. O caso «Fernando de Lacerda»*, Sousa Couto. *Pelo mundo da Metapsiquica*, Faure da Rosa. *Crónica Estrangeira*, Isidoro Duarte Santos. *Noticiario*.

Setembro-Outubro 1934

**S**UMARIO: *A necessidade da utilização da psicoterapia*, Pedro Cardia. *Porque acréscimo na sobrevivência*, Oliver Lodge. *Firmínio da Assunção Teixeira. 5.º Congresso Espiritista Internacional. Fernando de Lacerda*, A. C. de Moura. *Factos Supranormais*.

*O caso «Fernando de Lacerda», Sousa Couto. Crónica Estrangeira, Isidoro Duarte Santos. Bibliografía, F. R. Noticiario. Subscrições.*

Novembro-Dezembro 1934

**S**UMARIO: *A Missão social do Espiritismo. Conclusões do V Congresso Espírita Internacional*, Prof. Asmara. *As tres verdades*, M. Collins. *Revista das Revistas. O caso «Fernando de Lacerda»*, Sousa Couto. *Pelo mundo da Metapsíquica*, Faure da Rosa. *A vida e a matéria*, Carlos Nordmann. *Dr. Gonçalves Teixeira. Factos Supranormais. Crónica Estrangeira*, Isidoro Duarte Santos. *Bibliografía. Noticiario. Subscrições*.

REVISTA DE CULTURA  
Rio de Janeiro,  
Abril 1935

**S**UMARIO: *Um balanço oportuno*, João L. Rodrigues. *Hymno das Escolas populares*, Dom Aquino Corrêa. *Mil e um «uns»*, Dr. Agostinho de Campos. *Microcosmo*, Carlos de Laet. *Obispo de Olinda perante a história*, Antônio Manuel dos Reis. *Rumo a Vega*, Desembarg. José de Mesquita. *Um iérito de Vieira no Arquivo histórico colonial*, Dr. Manuel Múrias. *Nótilas*, P. Antônio F. de Mello. *Bibliographia*.

BOLETIN DE LA SOCIEDAD CASTELLONENSE DE CULTURA, Cuaderno II, 1935.

**S**UMARIO: *Iniciació a la Historia del Dret Valencià*, Joan Beneito Pérez. *La Rambla de la Viuda*, V. Gimeno Michavila. *En torno a Ausias March*, Angel Sanchez Gozalbo. *Una respuesta de Lope al Boccalini*, Antonio Gasparetti. *Origen de algunas voces geográficas*, Carlos Pan. *Cap de Vila*, Enric Soler Godes. *La cacería del mussol*, Vicent Segarra. *Oración*, R. Catalá Lloret. *Notas bibliográficas*.

Id. Cuaderno III

**S**UMARIO: *Documents relatifs à la vie d'Ausias March. Silencio*, Francisco M. Delgado. *Noves pintures rupestres en el terme d'Ares del Maestro*, Joan Porcar. *Sobre la teoría del color de Guillermo Ostuald*, F. Pérez Dolz. *Un libro de cocina del siglo XIV*, J. Osset Merle. *Ausias March, valenciano*, S. Ferrandis Luna. *El verdadero Ausias March etc.*, Emilio Fornet. *Poema*, Enric Soler Godes. *Notas bibliográficas*.

NOS

ANALES DEL CENTRO DE CULTURA VALENCIANA, Valencia  
Enero Marzo 1935

**S**UMARIO: José Sanchiz Sivera, *Vida íntima de los valencianos en la época foral*. Miquel Batllón S. J., *Aguillent i la seva ermita de San Vicent Ferrer*. Barón de San Petrillo, *La heréldica en Idvea*. F. Carreres i de Calatayud, *Els Casilicis del Pont de la Mar. Miscel·lania. Bibliografía*.

SUDETENDEUTSCHE ZEITSCHRIFT FÜR VOLKSKUN. Prag, 1935, 1. Heft.

**S**UMARIO: H. E. Müller, *Volkstümliche Regimentsnamen im altösterreichischen Heere*. Herbet Horntrich, *Das südmährische Volkslied*. Josef Maschek, *Veränderungen im Brauchtum eines Sprachgrenzdorfes*. Otto F. Babler, *Zum Lebenslaufe einer Anekdote. Kleine Mitteilungen*, etc.

JURIDICAS Y SOCIALES  
Buenos Aires, Sep.  
Oct. 1934

**S**UMARIO: Dr. Segundo V. Linares Quintana, *El Derecho de Revolución ante los Tribunales argentinos*. Dr. Juan Olis, *Subrogación real*. Enrique Cesar Rayces, *Las Guildas*. N. Thomas, *Mariano Moreno*. Sigfrido A. Radaelli, *La política portuguesa en el Río de la Plata (1806-1809)*. *Legislación Jurisprudencia. Índice de colaboraciones, conferencias, etc. Bibliografía. Revista de Revistas. Noticias de la Facultad*.

Id. Nov.-Dic., 1934

**S**UMARIO: Guillermo Cano, *La unificación impositiva*. Dr. Juan Olis, *Subrogación real*. Carlos Mouchet, *Estafa y defraudación*. N. Thomas, *Mariano Moreno*. Sigfrido E. Radaelli, *La política portuguesa en el Río de la Plata. Legislación, Jurisprudencia, Índice, Bibliografía, Periodismo, Noticias de la Facultad*.

Id. Enero-Febrero 1935.

**S**UMARIO: Lic. José Luis Requena, *Eugenio compulsa*. Carlos Mouchet, *Estafa y defraudación*. N. Thomas, *Mariano Moreno*. Pablo Tischkowsky, *Stamler. El Derecho Justo. Legislación, Jurisprudencia, Bibliografía, Revista de Revistas, Noticias de la Facultad*.

Imp. NÓS - Rúa do Vilar, 15 - Santiago

Dr. Amancio Caamaño

SANATORIO QUIRÚRXICO

Pontevedra

suscríbase a



semanario  
gallego de  
izquierdas

MERQUE VOSTEDE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.  
VÉNDENSE EN TODOS OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo  
**Santiago de Galicia**

Dos Profesores

**D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva**

CIRUXANO

XINECÓLOGO

**FOTOGRABADO**

Si quer qu'os seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos  
**GRÁFICO GALAICO**

Picavia, 14 · 2.<sup>o</sup>

LA CORUÑA

Apartado 195

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
SANTIAGO